

## Presentación do curso

Desde os departamentos técnicos de política lingüística das administracións, desde diversas asociacións e colectivos, desde as empresas relacionadas coa normalización e desde os equipos de normalización dos centros de ensino desenvólvense diversas accións, campañas e actividades, que cómpre difundir axeitadamente para que teñan un bo impacto na poboación á que se dirixen ou para procurar o incremento da participación cidadá nas actividades propostas.

O ideal é que moitas destas tarefas de comunicación sexan desenvolvidas por profesionais do sector, ben formando parte do cadro de persoal da propia entidade, ben por medio de empresas ou persoas subcontratadas para este fin. Mais, ás veces, a falta de recursos imposibilita isto e moitas desas tarefas deben ser total ou parcialmente asumidas polo propio persoal de normalización lingüística.

Deste xeito faise necesario o coñecemento do mundo da comunicación, a creatividade, os coñecementos básicos e a actualización do persoal dos SNL, asociacións, colectivos, empresas e ENL no manexo de procedementos, ferramentas e estratexias de comunicación que faciliten a transmisión, promovan a posta en valor e potencien unha maior implicación e participación colectiva e/ou individual.

Por iso, este Curso de comunicación e mercadotecnia para accións de normalización lingüística.



**Coordinadora  
de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua**

Apdo. de Correos 771  
Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.org

**www.ctnl.org**

Colabora:  
 **XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



# Curso

## de comunicación e mercadotecnia para accións de normalización lingüística



**Coordinadora  
de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua**



## Curso de comunicación e mercadotecnia para accións de normalización lingüística

### Obxectivos do curso

- Dar a coñecer dun xeito práctico e analizar distintas estratexias e medios de comunicación e difusión de cara a implicar aos distintos axentes no proceso de normalización lingüística e de cara a incrementar a participación en actividades.
- Potenciar destrezas de comunicación e mercadotecnia que optimicen a difusión e o impacto de campañas e actividades de normalización lingüística.
- Que as persoas participantes coñezan o proceso de produción de información e que sexan quen de planificar a comunicación/ mercadotecnia para unha actividade ou campaña de normalización, co dominio na elaboración e difusión de notas de prensa, convocatorias de conferencias de prensa, difusión por medios dixitais, aproveitamento de recursos gráficos, etc.

### Datas e horarios

Venres 23 e venres 30 de novembro de 2007 de 10.00 h a 20.00 h e venres 14 de decembro de 2007 de 16.30 h a 20.30 h

### Duración

20 horas presenciais e 4 non presenciais

### Lugar

Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (Avda. de Castelao s/n. Campus Norte)



### Destinatarios/as

- Traballadores/as de SNL
- Membros de asociacións ou colectivos que desenvolvan accións para a normalización lingüística
- Responsábeis dos ENL do ensino
- Traballadores/as de empresas relacionadas coa normalización da lingua
- Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua

### Contidos básicos

- As relacións cos medios de comunicación
- Conceptos básicos de publicidade. Que queremos vender?, a quen llo queremos vender?, como llo vendemos? Os medios e os formatos
- Os gabinetes de comunicación e as novas tecnoloxías da comunicación
- A lingua, o noso produto. Planificación de campañas informativas e/ou publicitarias. Intermediarios e dinámicas de difusión
- Traballos prácticos

### Profesorado

- Miguel Tüñez López, Facultade de Ciencias da Comunicación da USC
- Berta García Orosa, Facultade de Ciencias da Comunicación da USC
- César Galdo, Acordar Comunicación
- Roberto Noguero, Vieiros

### Inscrición

Até o 15 de novembro, enviando os seguintes datos ao enderezo electrónico [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org) co asunto: **Inscrición Curso comunicación CTNL**

DATOS QUE CÓMPRE ENVIAR: **nome e apelidos, documento de identidade, teléfonos de contacto, enderezo electrónico, enderezo postal, CP, localidade, situación profesional e centro de traballo.**

Dado que o número de prazas está limitado a 30, terán preferencia os/as socios/as da CTNL coas cotas ao día no momento da convocatoria do curso. Despois disto, respectarase a orde de inscrición, dándolles preferencia aos/as socios/as da CTNL.

Non se debe pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas, que se publicará o día 16 de novembro en [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org).

A persoas incluídas nesa listaxe deben ingresar o importe da matrícula até o día 21 de novembro na conta da CTNL número: **2091-0377-74-3040004060**, indicando o nome completo e o concepto "**Curso com.**"

### Cota de inscrición

- Socias/os: 30 euros
- Estudantes e parados/as: 40 euros
- Non socios/as: 100 euros

### Máis información

[info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org)  
629 571 950  
[www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

